



CONCELLO DE
OLEIROS

Certificado

Marcos Veiga Rodríguez, secretario accidental do Concello de **Oleiros** (A Coruña).-

CERTIFICO:

Que na sesión extraordinaria do Concello Pleno que tivo lugar o día 26 de decembro de 2025, adoptouse o acordo seguinte:

“**Punto 13.-** Adopción de acordo en canto á emenda de trámite e convalidación do acordo de aprobación provisional da modificación puntual nº 17 do PXOM e do Plan Parcial do SUD-1 (Cividáns- Mera), para a admisión de vivenda en planta baixa”

1. OBXECTO DO INFORME

Expediente	2024/PLANEAM/000011 (FG núm. 737)
Denominación	modificación puntual núm. 17 do PXOM e do plan parcial do SUD-1 (Cividáns- Mera), para a admisión de vivenda en planta baixa
Ámbito afectado	SUD-1 (Cividáns – Mera)
Promotor/a	Concello de Oleiros
Redactor/a do proxecto	Fernández Carballada y asociados, S.L.P.
NRE e data	NRE 2025004404, de 5 de marzo
Aprobación inicial	Acordo plenario de 27/03/2025
Aprobación provisional	Acordo Plenario de data 31/07/2025
Obxecto do informe	Emenda do defecto procedementa detectado na tramitación da modificación puntual núm. 17 do PXOM de Oleiros e do plan parcial do SUD-1 (Cividáns–Mera), para a admisión de vivenda en planta baixa, así como a convalidación e ratificación polo Pleno do acordo de aprobación provisional adoptado en data 31 de xullo de 2025, unha vez incorporado ao expediente o informe favorable de Augas de Galicia, con NRE 2025025089, de data 21 de novembro de 2025, de conformidade co disposto no artigo 52 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

2. NORMATIVA APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG)
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (RSG)
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros, aprobación definitiva por Orde de 11 de decembro de 2014, da Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 29 de 12 de febreiro de 2015, DOG núm. 16 de 26 de xaneiro de 2015).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas





3. FUNDAMENTACIÓN DE DEREITO

Por acordo plenario de data 31/07/2025 aprobose provisionalmente a modificación puntual núm. 17 do PXOM de Oleiros e do plan parcial do SUD-1 (Cividáns- Mera), para a admisión de vivenda en planta baixa. Con posterioridade á adopción deste acordo, detectouse a existencia dun erro no procedemento administrativo seguido para a súa tramitación. En concreto, aínda que constaban incorporados ao expediente os informes sectoriais correspondentes, non foi ata o 25 de agosto de 2025 (NRE 2025018329 e 2025018330) cando se recibiu a confirmación da execución do trámite previsto no artigo 60.7 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, mediante o cal a Consellería competente informa sobre o trámite de información pública realizado ao abeiro do disposto na citada normativa.

Este Concello procedera á aprobación provisional da modificación ao entender que transcorreran os prazos legalmente establecidos para a emisión dos informes sectoriais preceptivos. Non obstante, no marco do citado trámite tivo coñecemento dunha solicitude de documentación formulada por Augas de Galicia, da que non se tiña constancia ata ese momento, a pesar de terse emitido por dito organismo con data 20 de xuño de 2025, sen que fose remitida con anterioridade a este concello. Así mesmo, con data 25 de agosto de 2025 recibíuse informe do Concello da Coruña, no que se indica expresamente que a modificación puntual non ten incidencia para esa administración.

Á vista do anterior, considerouse prudente non remitir o documento á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas para a continuación dos trámites conducentes á aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM, ata que non se obtivese informe favorable de Augas de Galicia. Unha vez emendada a documentación conforme ás indicacións formuladas, recibíuse informe favorable por parte de Augas de Galicia, con NRE 2025025089, de data 21 de novembro de 2025. Resulta necesario proceder á convalidación do acordo de aprobación provisional adoptado, ao terse detectado un defecto no procedemento consistente na falta, nese momento, do citado informe sectorial.

Esta convalidación atopa amparo no disposto no artigo 52 LPAC, que permite á Administración convalidar os actos anulables mediante a subsanación dos vicios de que adoezan, producindo o acto de convalidación efectos desde a súa propia data. En particular, cando o vicio consista na falta dunha autorización ou informe preceptivo, o acto pode ser convalidado mediante o seu posterior outorgamento polo órgano competente.

En consecuencia, unha vez incorporado ao expediente o informe favorable de Augas de Galicia, procede que o Pleno do Concello ratifique a aprobación provisional da modificación puntual, co fin de convalidar o acto adoptado o 31 de xullo de 2025 e permitir a continuación da tramitación do expediente ata a súa aprobación definitiva.

4. CONCLUSIÓNS E PROPOSTA DE ACTUACIÓN

Visto o informe xurídico emitido pola coordinadora da área de urbanismo, en atención as facultades conferidas polo artigo 22.2.c) LRBRL, propónse que o Pleno adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- ratificar e ter por convalidado o acordo plenario de data 31 de xullo de 2025, que aproba provisionalmente a modificación puntual núm. 17 do PXOM de Oleiros, ao terse recibido informe favorable por parte de Augas de Galicia, con NRE 2025025089, de data 21 de novembro de 2025. Os datos do expediente consígnanse a continuación:

Expediente	2024/PLANEAM/000011 (FG núm. 737)
Denominación	modificación puntual núm. 17 do PXOM e do plan parcial do SUD-1 (Cividáns- Mera), para a admisión de vivenda en planta baixa
Ámbito afectado	SUD-1 (Cividáns – Mera)
Promotor/a	Concello de Oleiros





CONCELLO DE
OLEIROS

Redactor/a do proxecto	Fernández Carballada y asociados, S.L.P.
NRE e data	NRE 2025004404, de 5 de marzo
Avaliación ambiental	NRE 2024025774, de 5 de decembro. Informe ambiental estratéxico favorable, por non preverse efectos ambientais significativos (expediente 2024AAE2925).
Aprobación inicial	Acordo plenario de 27/03/2025
Fase de información pública	DOG núm. 80 – luns, 28 de abril de 2025 Diario La Opinión, de 16 de abril de 2025 Non se presentan alegacións

SEGUNDO.- dilixenciar o documento referido no cadro previo como documento aprobado provisionalmente, e remitilo á Consellería de Vivenda y Planificación de Infraestruturas para que realice os trámites conducentes á aprobación definitiva da modificación do PXOM.

TERCEIRO.- entendendo que a aprobación provisional é un acto de trámite que non pon fin ao procedemento nin permite a súa execución, non cabe recurso contra o acordo plenario.”

E para que conste expido este certificado de conformidade co que dispón o art. 204 do R.D. 2568/1986, de 28 de novembro (ROF), coa advertencia á que a fai referencia o art. 206 do ROF citado e a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta da sinalada sesión; Oleiros, asinado dixitalmente polo alcalde e por min, secretario accidental, na data que figuran nas sinaturas deste documento.

